



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

21.- ORDENANZA FISCAL Nº21, REGULADORA DA TAXA POR RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA E O SEU DEPÓSITO

PUBLICACIONES:

BOP. 27/12/07

MODIFICACIÓN BOP 24/12/2011.

MODIFICACIÓN BOP 29/12/2012.

MODIFICACIÓN BOP 26/12/2013.

Fundamento e natureza

Art. 1º.- No uso das facultades concedidas polos art. 133.2 e 142 da Constitución e polo arte 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co disposto nos art. 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa pola retirada de vehículos da vía pública e o seu depósito e garda", que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cunhas normas que atenden ao previsto no art. 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Feito imponible

Art. 2º.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de retirada da vía pública dos vehículos que se atopen nalgún dos casos sinalados no art. 71 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade viaria, así como tamén o depósito e garda dos mesmos.

Suxeito pasivo

Art. 3º.- Son suxeitos pasivos da taxa os condutores dos vehículos retirados e, subsidiariamente, os donos ou titulares dos mesmos, entendéndose como tales quen figuren no permiso de circulación do vehículo.

Aplicación da taxa

Art. 4º.- Aplícase a taxa, e nace a obriga de contribuír, cando se inicia a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose como tal a simple presenza xunto ao vehículo a retirar dalgún dos medios ou elementos destinados para tal fin.

Contía

Art. 5º.- As taxas que se aplicarán, nos termos desta Ordenanza, regúlanse de acordo coa seguinte táboa de tarifas:

a) Retirada de vehículos:

-Pola simple chegada do vehículo guindastre ata o vehículo que é preciso retirar: 64,16 €.

-Motocicletas, ciclomotores, motocarros e vehículos análogos: 42,77 €.

-Automóbiles, camionetas, furgonetas e tractores agrícolas de ata 3.500 Kg., e vehículos análogos: 85,54 €.



-Camións e outros vehículos de máis de 3.500 Kg.: A contía será determinada pola factura dos gastos que se ocasionen, nos termos do art. 71.2 da vixente Lei de Seguridade Viaria.

b) Depósito e garda de vehículos:

- Motocicletas, ciclomotores, motocarros e vehículos análogos, por cada día ou fracción, a partir do segundo día de permanencia no depósito: 5,35 €.

- Automóbiles, camionetas, furgonetas e tractores agrícolas de ata 3.500 Kg., e vehículos análogos, por cada día de permanencia no depósito: 10,69 €.

- Camións e outros vehículos de máis de 3.500 Kg., por cada día ou fracción, a partir do segundo día de permanencia no depósito: 16,04 €.

Artigo 6º.- A aplicación da taxa regulada na presente ordenanza non exclúe o pagamento das multas impostas por infrinxir as Normas de Circulación e da Policía Urbana.

Non serán devoltos os vehículos que foran obxecto de recollida mentres non se faga efectivo o pagamento das cotas que se establecen na presente ordenanza, salvo que, no caso de interperse reclamación, fose depositado ou afianzado o importe da liquidación na contía e forma prevista no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no art. 233 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O pagamento das liquidacións da presente taxa non exclúe en ningún modo o das sancións ou multas que fosen procedentes por infracción das normas de circulación recollidas na Lei ou na Ordenanza Municipal de Circulación.

Todo vehículo retirado da vía pública, e que non se atope ao corrente de pago de multas de circulación ou tráfico ou cotas do IVTM, non poderá ser recuperado, mentes o dono non faga efectivo na Tesourería Municipal ou conta corrente indicada o importe adebedado.

Respecto á multa ou sanción por estacionamento non autorizado poderá ser satisfeita voluntariamente polo interesado do vehículo. No caso de non satisfacela, seguirase o procedemento legal establecido na materia, con notificacións regulamentarias, indicación de recursos, etc. conforme ao disposto no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 7º.- A permanencia continuada dos vehículos no depósito sen que os seus titulares soliciten a devolución determinará que se inicie o correspondente expediente para a súa venda en poxa pública, nos termos previstos na normativa legal reguladora destes supostos.

Artigo 8º.- O Concello poderá celebrar convenios de colaboración ou contratos de servizos con titulares de empresas que presten este servizo de guindastre.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición final



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013, substitúe e derroga ó da anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.